

ÍNDICE

PÁXINA	ÍNDICE	AUTORES
2	Editorial.....	Equipo de Normalización
	OCORREU NESTE CURSO	
3	Entroido.....	María
4	O Magosto.....	Inés
4	Visita do Mago.....	Olivia • Águeda • Helena • Carne
5	O Mago.....	Cristina • Sara
6	O Mago Cali.....	Pablo
6	O Mago Cali.....	Iago
6	O Entroido.....	Agustina
6	O Mago Cali.....	Enrique
	SAÍDAS	
7	Asociación Mestura.....	Julián
8	Yinació.....	Laura
8	Teatro.....	David
9	Excursión a Manzaneda.....	Carne
10	Olimpias.....	Tamara
11	Saída.....	Milagros
12	Visita o Acuario.....	Olivia
	CONTOS	
13	O Mozo Enfeitizado.....	Marta
14	Unha Cadela Atravesa o País en Busca da Sua Ama.....	Ivan
14	A Gota que Falou.....	Pablo • Jakob
15	O Oso Xoguetón.....	Johana
16	A Tartaruga que pon Ovos/Lenda do Crocodilo.....	Julio • Yamila
17	Vexo desde a miña Aula.....	Cristina
18	O Raposo Raro.....	Nuria
18	"Receita para que un Animal...".....	Adriano
19	O Mar.....	Santiago
20	O Bolígrafo Máxico.....	Daniel
21	As galiñas Pardas.....	Tania
21	Eu tiver un Soño.....	Diego
21	A Cincenta Solteira.....	Oscar
21	O Nadal.....	David
22	O Viaxe Submarino.....	Eva
	RECUNCHO DA POESÍA	
23	Tempo.....	Patricia
24	Poesía.....	3°C e Brais
25	Poesía.....	Diego
26	Manuel Lugrís.....	Lorena
	DÍA DAS LETRAS GALEGAS	
27	Manuel Lugrís.....	Uxía 5 anos A
28	Manuel Lugrís.....	Iria 5 anos A
29	Manuel Lugrís.....	Iria 5 anos A
30	Lugrís.....	Valeria 5 anos A
31 - 32	O Progreso.....	Álvaro • Mireia • Javier 5 anos B
	TRABALLOS DE INVESTIGACIÓN	
33	Traballo de Investigación.....	Alumnos 6ª A e 6ª B
34	A Ra.....	Almudena • Iago • Enrique
34	As Leitugas.....	Jesús
34	As árbores.....	Sara
34	O Lobo.....	José
35	Abracadabra.....	Nenos 1º Nivel
36	Aula Invernadoiro.....	Helena • Ainoa
	VARIOS	
37	Entrevista.....	Laura • Diego • Samuel • Tania • Andrea • Noemí David • Jairo • Miriam • Alberto • Gilletno
38	Debuxos Infantís.....	Nenos 3 anos e 4 anos
39	Nove Anos na Escola.....	Laura
40	É a Hora da Despedida.....	Diego

EDITORIAL

OUTRA RELACIÓN

***"A disciplina debe desaparecer mais o orde debe subsistir,
un orde auténtico que xurda da natureza mesma da tarefa"***

CELESTINE FREINET - "A educación do traballo"

A polémica sobre a situación nas aulas e nos colexios, sobre o fracaso escolar, os conflitos nos centros educativos, a falta de participación de moitas familias e outros moitos temas relacionados coa educación primaria e secundaria, están continuamente na orde do día.

Non é que os centros escolares sexan lugares máis problemáticos que antes, é que a sociedade está cambiando a marchas forzadas e os adultos educadores non seguimos o seu ritmo. Estamos dando respostas tradicionais a problemas novos. Ou, en moitos casos, tentando descargar uns en outros a responsabilidade duns conflitos que non chegamos a comprender.

Os Problemas novos que afrontamos na escola (fracaso escolar, violencia, ausencia de motivación, etc...) non poden contemplarse como cuestións alleas á propia institución escolar. Ben é certo que forman parte de fenómenos sociais dificilmente controlables dende o ámbito necesariamente limitado da propia escola. Máis si podemos asegurar que os profesores e as familias, traballando en conxunto, temos instrumentos adecuados para darlles resposta e para recuperar a moitos nenos e nenas do fracaso e da conseguinte perda de autoestima.

Instrumentos como a educación en valores e para a convivencia, o aprendizaxe cooperativo, a participación na vida escolar de familias e alumnos/as, a recuperación da afectividade e da relación humana, son, entre outros moitos, elementos frecuentemente subordinados ou excluídos da vida escolar por mor de completar os programas de coñecementos.

A cultura da convivencia nos centros educativos debera ser previa e prioritaria á cultura da información escolar. Temos que convencernos que, sen a primeira, dificilmente acadaremos a segunda. É dicir: os nosos nenos e nenas, deben ver en nós primeiro, axentes positivos, persoas interesadas sinceramente por axudalos e darlles oportunidades de progreso en todas as facetas da súa vida, máis que como instructores duns coñecementos que, en certas etapas da vida, resulta aínda difícil comprender a súa utilidade.

OCORREU




NESTE CURSO

🎈 🎈 Entroido 🎈 🎈 🎈 🎈

O Entroido é guai e a min gustame moito porque nos podemos disfrazar e eu hoxe disfraceime de diñesa vampiresa e outro día voume disfrazar de noiva e meu irmán de noivo e de dragón.

O Entroido é moi divertido porque hai unha comida que bueniiiiisima aunque a min a cacheira non me gusta pero as filloas e as orellas estan deliciosas.

Maria 2-A



O MAGOSTO.

O venres día 11 de Novembro, celebrouse no meu colexio a festa que nos gusta a case todo-los nenos, O MAGOSTO.

Ese día había un rebumbio maior có doutros días, porque estábamos todos pendientes dos remates das clases.


Podíase participar en concursos de colares feitos con castañas e outro concurso era de repostería, no que me escolleron como xuíza. Había xente que pensaba que ser xuíza era excelente, pero é que probar corenta e un pasteis xa é excesivo. Había catro premios por ciclo, da miña clase dímoslle o premio a Miriam, unha nena que é celiaca e fixo unhas galletiñas sen gluten deliciosas.

No concurso de colares era un pouco distinto, porque aquí non había xuíces, botabase a sortes, e a quen lle tocasse lle tocou. O premiado da clase está vez foi Xesús, que fixo un colar moi bonito de castañas con unha especie de cubiletes vermellos.

Máis ou menos as castañas asadas coméronse en cucuruchos de papel, a unha e media do medio día, tamén nesa hora entregouse o premio de repostería. Cando o carbón de asalar castañas estaba frío nos emborrallamos a cara con él.

Como era un día tan especial quixemos adornar o colexio con hermosas pancartas, a maioríade animais en perigo de extinción, coma por exemplo: o raposo, o lobo, os osos, o salmón e a rá, a agüia real e o sapoconcho ou tartaruga leprosa. Outras pancartas consistían nun mapa de Galicia que tiña colocados o nome dos pobos que tiñan un nome que era da familia de palabras de castaña e por último o debuxo dun castiñeiro moi fermoso. Estas pancartas que nomeei de últimas foron feitas polos meus compañeiros e por min.

Divertímonos moito, é agora os que queiran festa que esperen o entroido.



INÉS PÉREZ PARDAVILA 5ºB

Visita do Mago

Maxia

A mín quistóume o que fixo ao final. Consiste en coller un pano e facer trocitos de papel. Despois se mete na auga e se fai unha bola. Meneando un abaco aparece unha especie de bolínas coma se fose neve, por arte de maxia (Olivia)

A mín quistóume cando sacou un neno do público, doulle unha chaqueta e meteulle as mans pola chaqueta e o neno e o mago facían maxia (Agneda)

O truco que máis me gustou foi o do pano, primeiro colle un pano vermello e meteo na man, despois un pano azul e meteo dentro. O final abre a ma e saca o pano vermello, o azul desaparecera (Efeesa)

Eu opino moi ben do mago porque quistóume moito. Eu pillei algúns trucos máxicos, pero eu non sei si a maxia haina ou non. (Olivia)

Opino que era un "mago" moi realista, quede con ganas de velo outra vez (Agneda)

A súa maxia creo que era verdadeira. Impresionoume moito. Pregúntome como o fará. (Efeesa)



mago

O MAGO

Ante, catorce de febreiro, xusto antes do recreo,
 baixamos ó ximnasio a ver a un mago. Fizo
 varios trucos de maxia, pero o que máis me
 gustou foi: Colleu un trozo de papel hixiénico,
 merclouno con auga e fixo una bola. Deulle
 aire cun abano ¡E fixo neve brillante!
 Outro que tamén me gustou bastante é
 este: Nunha caixa (vacía) meteu un pano. Deu-
 lle a volta e, dentro, empezou ja arder!
 Apagouno volbendo a darlle a volta á
 caixa, e sacou o pano ¡Completamente
 limpo!



Ilustración
 Sara M. de la Paz

5º A

Cristina Losada 5º A




O Mago Cali é moi divertido do meteu un pano de cor azul o meteu o pano na man esquerda e desapareceu.

Pablo 2ºA

O Mago Cali.

O Mago Cali é un mago moi lo e fai cousas que fai rir a xente. É a min o que mais me gustó foi a bolsa que dices un cor por exemplo o amarelo é da bolsa eae unha bolsa con flores.



O Entroido.

O Entroido é unha festa que se celebra unha vez ao ano. No Entroido te podes poñer disfraces e tamén antifaces.

Agustina Aguilera Vazquez 2ºA




Enrique 2ºA

O Mago Cali

O mago Cali fai rir os nenos e tamén fai truco perfectos e preciosos e as profes rín moito, nunca rín un mago tan perfecto o mago Cali fai desaparecer cousas e aparecer cousas.



Saídas



Saídas

Asociación Mestura

Fai dúas semanas a profe díxonos que íbanos a visitar os representantes dunha asociación chamada “Asociación Mestura”. Cando dixo iso, pensei ¿que será?. Chegou o día e vimos entrar unhas rapazas cun acento doutro país, unha brasileira e outra de Angola, creo. Empezaron a falar dos inmigrantes e da súa dificultade de vivir coma uns cidadáns normais; enseguida o entendín, e empecei a pensar nas dificultades que tería eu se fora un inmigrante. Tamén pensei en dous compañeiros da clase que proceden doutros países, e que tiña moito mérito a adaptación que eles tiveran que sufrir.

Despois, mostráronnos obxectos doutros países e acabouse a clase. Pero... aínda habería outra clase da “Asociación Mestura” e pedíronnos que trouxéramos cousas doutros países. Eu trouxen unhas luvas de fútbol de Portugal de cando tiña sete anos, que ¡aínda servíanme!. A clase foi moi divertida. Ó final, puxéronnos coma unha especie de “test”, pedíanos ideas sobre de que nos gustaría falar. Eu propuxen que sobre o racismo que é tamen un problema moi gordo. Bueno, así foi a clase. A mensaxe foi moi clara, temos que fixarnos no mérito que teñen os inmigrantes e favorecer a súa integración na nosa forma de vida.

JULIÁN VILLAR PÉREZ 6ºB

Y IMAGIÓ!


Onte funnos ver o teatro e
que mais me gustou foi cando
lle puxeron a perruca e lle
pintaron os ollos e nariz e
a boca e empezaron a bailar
iso foi o que mais me gustou.

Laura 2ºA



TEATRO

O que mais me gustou foi cando
o bebé barbou cos madre e lle
deburxou unha cara na cabeza
e a segunda foi cando viron a
televisión e a última foi cando
naceu o neno.




David 2ºA



Excursión a Manzaneda

O inverno do 2.005, meu irmán, meus pais e eu fomos de excursión cuns monitores a Manzaneda. Como nesta estación do ano vai moito frío, pensamos que ía haber neve. Cando chegamos díxanos de conta que había moi pouca ou nada. No hotel déronlle un ovo a cada familia para participar nun concurso onde tiñas que vestilo, poñerlle oboca... e uns homes dirían cal era o mellor. Tamén tiñas que inventar un conto e tirar o ovo desde un terceiro piso. Ao final gañamos nós. Ao día seguinte fomos a unha pista de esquí; aínda que había pouca neve, subimos no teleférico. ¡Pasámolo moi ben!

Carme 3ºA



OLIMPIA

O día dezasete fomos ó teatro. Subimos ó autobús ás once e cuarto e xa marchamos directamente para alí.

Logo nos puxeron en ringleira para repartirmos as entradas. Nos sentamos nas butacas e esperamos que comencen. Unha rapaza nos mandou calar e nos explicou que había que obedecer tres regras; non se pode falar cos compañeiros, que estivesen atentos e que os actores non ían falar, ían facer xestos.

Os xestos eran de deportes: tenis, baloncesto, natación, fútbol; tamén un señor que facía pesas, unha señora cunha aspiradora. Terminou cunha botella de mentira de champán que botaba espray e nos botou a todos. Logo fomos xa ó caloría outra vez no bus.




Tamara 5ºA



28-03-2006

Saída

Hoxe, mentres traballabamos, a profesora discoramos que íamos ter unha saída a Cambre. Cando chegamos falamos con Xabier P. Docampo e co concelleiro de Cultura e Benestar Social Xabier Iglesias Oriedo. Xabier Docampo falounos dos seus libros e ilustracións, pola exposición había cadros moi bonitos coma por exemplo: "O unicornio e o mar" feito en Sudáfrica no 1.986, "A rainha das Neves" feito en España no 1.984 e "O Cabalo Fantástico" tamén feito en España no 1.985. Despois o final déronnos pinchos de tortilla e mini bocadillos e bebida a escoller. Paseino moi ben e divertínme moito.




Milagros Rodríguez Trigo S^ªA

VISITA Ó ACUÁRIO

FECHA dum 13 de marzo do 2006

DEBUXO



Olivia 3ºc

Como foi:

- 1º Jogamos e entramos numba sala onde había moitos peixes marinhos, cefalópodos
- 2º Depois fomos aos estuários e había focas e raboes.
- 3º For illime fomos ao Nautilus e fizémoslle preguntas de burro *Opinin peval* Cusbourne moite. A min facerame o mundo marinho. Foi un pouquichín mais a astronomía.

Contos



Contos

O MOZO ENFEITIZADO

Era un mozo enfeitizado co bicare ás rapazas convertíase nun paxaro, e quería acabar xa co feitizo e non sabía como facer, pero ocurriúselle unha idea: ir falar coa bruxa.

E a bruxa dixo:

-Tes que darlle un bico a unha rapaza que che guste con moitas ganas.

El fíxoo e rompeuse o feitizo para sempre.

Marta Tacón 2ºB



Unha cadela atravesa o país en busca da súa ama

A cadela Nicanora é a cadela que máis países recorreu en busca da súa ama, dende España ata a mesma China . Á cadela chamánlle “a exploradora” xa que anduvo en barca, viaxou no AVE, ... e agora, prepara a viaxe para ir a Lúa como o fixera Laíca .

Iván Iglesias Moar 6ºB

A gota que falou



Este é o conto dunha gota que me falou, e non quería ser gota. Un día abrim a billa e saíu unha gota a toda presa caíndome no (o) vaso, e díxome: ¡Non me bebas deixárame escapar, quero chegar ata océano! Quédime sorprendido, e coa mesma boté a gota polo desaugadoiro, pensei como sería a súa viaxe: primeiro recorrería as canalizacións e despois caería nun río ata chegar ao océano, e a recollería unha nube para subila ata o ceo deixándoa case no pico dunha gran montaña para (coral) convertila en xeo.

Pablo 3ºC



O OSO XOGUETÓN

Fai moito tempo unha nena que se chamaba Inés foi ao monte co seu tío, que era cazador. Cando chegaron alí viron un oso moi xoguetón. O tío pensou que quería coller a Inés para comela pero ela non tiña medo e lle dixo ao seu tío:

- Tío, non me vai facer dano.

E o tío respondeulle:

- Pero, como que non te vai facer dano i é un oso!

- Non, ~~non~~ ves que é xoguetón.

- Vale, non lle disparo.



Cando terminaron de falar o oso lles dixo:

- Son bo, non me disparedes.

- ¡Fala! - dixo Inés. - ¡Carai!

- Si que é especial - dixo o tío.

- ¿Xogades comigo? - preguntou o oso.

- ¡Vale! - dixeron Inés e o tío.

Como se fixeran amigos cada tarde ían ve-lo oso ao monte.

E colorín colorado, este conto está rematado.

Johana Louro Vilarinho 3ºB


A TARTARUGA QUE PON OVOS

Érase unha vez unha tartaruga que poñía ovos e cando volvía sempre desaparecían roubados pola marea.

A tartaruga enfadouse e púxoos máis alonxados e a marea nunca máis volveu a roubarllos.

Agora a tartaruga é feliz porque pasea e nada con cinco tartaruguíñas.

Julio Rouco 2º B




LENDA DO CROCODILO

No ceo hai un enorme crocodilo.

Cando se farta de que o sol lle moleste saca unha bola negra dun escuro furado e colócaa tapando o sol.

Cando se desperta garda a bola negra e o sol volve a brilar.

(alumnos 2ºB)




Descripción: Vexo desde a miña aula.....

Dende a estreita, fermosa e soleada fiestra da miña clase diviso un belo paisaxe cuxo nome é a Ría do Burgo. Ao lonxe vense uns montes cheos de vexetación, un paseo lixeiro de solo arenoso cun río bastante contaminado.

Ao redor hai unhas murallas de protección para que non desborde, unha ponte antiquísima de pedra e paralela a el, outro mais moderno.

Sobre el circulan coches que voan mais que corren, unhas árbores desnudas e un ceo entre nublado e soleado misturado co humo das cercanas fábricas.



Gustina T.
3ºA



O RAPOSO RARO

Había unha vez un raposo que todo o mundo lle chamaba "o raposo raro" porque comía moita ensalada e o seu pai decíalle sempre:

-Tes que cazar galiñas, galos, niñadas etc. pero algo tes que cazar senon os demais seguiran che chamando "raro".

Pero el dícialle:

-Dame igual que me chamen así eu non quero comer as galiñas, os galos nin nada porque son os meus amigos.

Un día mentres o raposo estaba xogando cos galos e as galiñas o pai falou coa muller:

-Temos que facer algo, témoslle que aprender a cazar.

Pola noite o pai falou co raposo e díxolle:



-Por favor, cómete aos animais.

-Xa o sei, pero ¡danme tanta pena!


-Xa sei que che dan pena pero tes que tentalo porque eres un raposo.

-Vale, mañá comerei aos animais.

Nuria Rodríguez 2ºB




Receta para que un animal perigoso non poida abrir a boca.



Ingredientes: farina de china, pan rallado, fideos, viño e 10 kilos de flores. Preparación: Colles a farina de china e batesna nunha taza de viño unha hora e media, despois os fideos os cortas pola metade e tamén os mezclas. O pan rallado e as flores metenas no forno logo o sacas e echas todo nun tarro de 100cm. Tes todo no bote e o bates, despois xuntar todo no conxelador e o sacas despois dáseo a o leon e xa non alerina a boca.

Adriano 2ºA



O meu lugar preferido encontrase xunto ó mar. Dende o máis alto dese monte poden ver un mar as veces azul, as veces gris, outras veces calmado e outras enfurecido pero sempre gústame. O mar é a parte deste mundo que máis me gusta, ben, xunto co ceo. Encántame voar ,en avión claro. Tamén me gusta o olor do mar, parece que respiro mellor cando me sento cerca del, e sei o que fastidia non poder respirar, porque estes días estive enfermo e paseino bastante mal.

O mar é unha gran inspiración para os artistas, miles de cadros con grandes paisaxes marinas e con todos os animais que alí nacen e se crian, dende un “pezqueñín” ata unha gran balea, un pacífico delfín o un peligroso tiburón.


Tamén miles de poemas dedícanse o mar, poemas máis tristes ou máis alegres, pero sempre ponendo o mar como protagonista.

O mar é unha fonte de riqueza moi importante. Moita xente vive de traballar no mar. Adéntranse moi lexos da costa e as veces pasan días ou meses sen vir a casa pescando ou transportando mercancías a outros países. Un curmán meu ven cada seis meses a casa e se lle bota moito de menos. Meu curmán di que xa está acostumbrado, que lle gusta o mar e non sabe nin quere , outra cousa. Eu visitei o seu barco e foi impresionante. O meu avó di que hai que terlle moito respecto ó mar e rífame moito cando métome no auga sen antes mirar se a zona é segura e non tén correntes mariñas. A mín encántame xogar coas ondas do mar, pero... ¡ CON COIDADO ¡

O mar ocupa a maior parte do planeta Terra e a súa auga salgada fórmase pola gran cantidade de salinas que hai nas costas.

Realizado por:

Santiago Lago Rey 5º B




O bolígrafo máxico

Em unha cidade lexana vivía un neno chamado Marcos. Era un neno, normal en todos os sentidos, ata que un día cando iba paseando pola súa encontrou un bolígrafo, un pouco extraño, pero que parecía como con algo especial. Ó chegar a casa fixo os deberes con el e os números saíron da follas e empezaron a saltar e a xoguetear con todo. Marcos o primeiro tivo medo, por si os números lle facían dano, pero despois viu que eran inofensivos. Pasouse toda a tarde xogando con eles, e pintou moitos máis amigos: unha pelota con cara, un oso, unha especie de man, etc... Despois de moito pensar Marcos decidiuse a pintar un mundo sen guerras e sen pobreza onde todo o mundo vivira feliz.



David Arca 6^aA
2006




AS GALIÑAS PARDAS

Había unha vez unhas galiñas pardas que se aburrían tanto que saíron a xogar e atoparon unhas gafas de sol no chan. Elas non sabían o que eran nin para que servían as gafas de sol. Un día que foron á cidade viron outras galiñas polo camiño e as galiñas pardas preguntáronlles se sabían cómo se chamaban e para que servían as gafas de sol. As outras galiñas díxéronlles: -Primeiro tedes que coller esa miñoca e se a colledes dirémosvos todo o que queirades saber. As galiñas pardas colleron a miñoca e as outras galiñas díxéronlles: -Esto chámase gafas de sol e serven para que non che de o sol nos ollos.

As galiñas pardas volveron á casa e estiveron todo o día e toda a noite coas gafas de sol postas e non as sacaron nin para durmir. As galiñas pardas están todas contentas e comen moitas miñocas.

Tania Lumbreras 2ºB



Eu tiño un soño...

Erase una vez un rapaz, chamado Luis, o que xa desde pequeno lle encantaban os barcos. O seu soño sempre foi querer conducir o barco máis grande do mundo. Un día soñou que ía nun cruceiro e que lle pedía o capitán se se o podía conducir e cando lle ía contestar a nai despertouse no e díxolle que era a hora de ir a escola.

Cada noite Luis seguía pensando no que lle contestaría aquel capitán do barco.

Un día aviraron pola radio que ía a atracar na cidade un cruceiro moi grande coma no que el sempre soñara. Tan pronto chegou a cidade Luis e a súa nai foron de correndo a velo. Cando o estaban a visitar el alucinaba do grande e fermoso que era. Pasaron dúas horas mirando e cando estaban saíndo pola porta atopou un papeliño que decía:

O que atope este papel
podera visitar a cabina
de mando do barco.


De seguido foi en busca do capitán e mostroulle o papel. O capitán felicitouno e lebouno ata o cuarto de máquinas onde o deixou estrebillar todo o que quixo, dándolle unha e mil grazas o capitán xa que por fin viu como se cumpría o seu soño. E ese soño tiño eu.

autor: Diego García Dopodo
6ºA Nº9 (12005-06)

A CINCENTA SOLTEIRA

Erase unha vez unha Cincenta que tiña trinta anos. Unha mañá tranquila o seu pai díxolle:
- Tes que atopar un mozo.
E a Cincenta berrou moitísimo decindo: ¡Noooooooooo!
Cando chegou ao pobo estaba morta co medo por se a rechazaban os mozos.
Pasou un mes e a Cincenta seguía sen mozo.
O que pasaba era que non era moi guapa, que digamos. Entón decidiu cambiar de luc e quedou fenomenal.
Logo todos os mozos andaban detrás dela, pero a ela non lle gustaba ningún.
Un día apareceu un piloto guapísimo e casáronse e foron de lúa de mel no sidecar dunha moto a un hotel de cinco estrelas no Caribe.

Oscar M. Castro 2ºB



O NADAL

Erase unha vez un Nadal no ano 2.222, día 24 de Decembro. Ese día terían que estar todo-los regalos nos seus correspondentes sitios, pero Papá Noel non se encontraba no Polo Norte.

Ós elfos, duendes e todos esos seres raros non o encontraban; ocorruéuselles chamar os superheroes do Polo Norte que eran: "Supertenfrio" e "Superquefríofoiaqui". Os chamaron e en cinco segundos estaban alí pero... tiritando.

Entre tanto eran as sete e media da tarde e o reloj seguía correndo.

No Polo Norte os superheroes estaban a punto de saír; írian a Hawai porque os elfos díxéranlles que a Papá Noel gustábanlle moito esas illas. Fóronse e, en dez segundos, estaban alí ¡Ah!. Por se non os dérades de conta, o superheroes eran moi rápidos.

Buscaron en hoteles, restaurantes e praias, pero nada.

Así que foron a España, porque Papá Noel dicía que era un país moi bonito, e, en quince segundos, estaban alí.

Revisaron a península, as illas Baleares, as Canarias, pero nada; ían marchar cando "superquefríofoiaqui" tuvo unha idea, faltaban Ceuta e Melilla; xa eran as dez menos dez e, se chegaba a noite e Papá Noel non estaba, adeus O Nadal.

Chegaron a Ceuta, rebuscaron en todo-los sitios e nada, estaban moi nerviosos porque era a súa última oportunidade. ¡Coidado! ¡As once en punto!

Entonces, fóronse a Melilla e alí encontraron a Papá Noel.

Dixéronlle que fora ó Polo Norte para prepararse e reparti-los regalos, pero Papá Noel contestoulles que non. Os superheroes déronlle unhas "collejas" e entón Papá Noel si que foi. Cando chegaron ó Polo Norte, Papá Noel preparouse e foise a reparti-los seus regalos.

O NADAL FOI FELIZ E NINGUÉN DEUSE CONTA DO QUE PASARA.


David Rascado Dopico 6ºB

O viaxe submarino


Desde que fomos ao acuario non parei de soñar con mergullarme e descubrir novos mundos. Voubo contar un deses sonos: Eu fora de vacacions a unha illa que quedaba moi lonxe. Ao chegar péxenme o traxe de buceador e mergulleime baixo o mar. Vin moitas cousas: peixes de mil cores, e tamen vin un barco afundido que era ou de Cristobal Colón ou de piratas. Encontrei dúas moedas de ouro e cando quería investigar non puiden porque se me acababa o oxixeno e enton espertei.



RECUNCHO



DA POESÍA



- Tempo de hoxe.
- Tempo de onte.
- Tempo, tempo.

- Tempo para min.
- Tempo para ti.
- Tempo, tempo.
- Tempo kvin.

Autora: PATRICIA LÓPEZ 6ºA

Na terra onde nacín
viverei ata o fin

Ten vales floridos
e profundos ríos

Eroita hai mil
nun árbol fertil

Ten moitas montañas
e nubes moi claras


Ten flores fermosas
e ben olorosas

Na terra onde nacín
viverei ata o fin



AUTOR → Z° C

ILUSTRADOR
BRAIS






CANDO na primavera
eu me levanto
as cores da pradeira
teñen mito encanto.

CANDO no verán
eu me levanto
vou a praia e nado
coma unha raia.


CANDO no outono
eu me desperto
como choye moito
eu estou ó cuberto.

CANDO no inverno
eu me levanto
vai un frio
que non o aguanto.




Diego 5^a-B

Manuel Lugris Freire



Naceu en Sada en 1863

Emigrou a Cuba Na Habana



Na Habana fundou o primeiro xornal en Galego: "A GAITA GALEGA"

Publicou "Solidades" e "A Costureira da Aldea" e "Noitebrax"

unha con h
océano con tilde
Coruña con Maiúsculas
Por
Manuel Lugris
Freire




Fizo unha gramática do idioma galego

Morreu na Coruña en 1940. Con 77 anos

Docena S.1 4ºA Curso 05-06


DÍA DAS LETRAS




GALEGAS

M. LUGRIS

Os arboredos florecen
E as sibeiras teñen flor
¡Aseña virán os froitos
que o novo tempo enxendrou



MANUEL LUGRÍS FREIRE




NACEU EN SADA

1.863




EMIGROU A CUBA




NA HABANA FUNDOU O PRIMEIRO XORNAL EN GALEGO: "A GAITA GALEGA"



PUBLICOU "SOIDADES", "A COSTUREIRA DA ALDEA" E "NOITEBRAS"



FIXO UNHA GRAMÁTICA DO IDIOMA GALEGO



MORREU NA CORUNA EN 1.940

Iria 4ª

MANUEL LUGRÍS


Na fala gallega vive
A alma da nosa terra
A redención de Galicia
Nos seus acentos latéoa

Iria
SANDSA



LUGRIS

Uma Mãe Sozinha deu-nos a vida
E nos espaços há um solo sol
Solo-umbrante sempre querida
por patricinha nosa donou-nos Deus



5 ANOSA - Valeria



Manuel Versos de luta, 1919 Augustina

PRÓGRESO

A ciencia foi polos ceos
analisando as estrelas;
bainou ao fondo dos mares,
fuzgou no centro da terra;
pesou as grandes montañas,
mideu rolas e planetas...

Abelán D. 5 anos B





Cando á forza de estudar
 un sabio as pestañas queima,
 analizando microbios
 e buscando na materia
 novas leis que testimon
 según dir, novas doenzas
 cando fala un diplomático
 de paz e serenidade eterna;
 cando un crego nos bendice
 l un latinero nos ceiba ...
 bótome a tombar, dicindo
 - ¡Que Dios compasión nos teña
 porque algunha negra fada
 vai caer sobre do terra!

Javier 5 anos B



TRABALLOS DE



INVESTIGACIÓN

TRABALLO DE INVESTIGACIÓN

Os alumnos de 6ªA e 6ªB quixemos poñer en práctica coñecementos adquiridos en Lingua e Matemáticas.

Puxémonos dacordo no cuestionario e elaboramos unha enquisa sobre “A que dedicas o teu tempo libre” dirixida a tódolos compañeiros de primaria. As preguntas eran cerradas con varias respostas a elixir.

Dámolas grazas ós profesores que nos deixaron unha parte do seu tempo e ós nenos por contestalas.

Facendo o relato das respostas, practicamos a confección de gráficas e o cálculo do tanto por cento.

Esta foi a pregunta da enquisa que lle fixemos ós nenos referida á lectura:

Canto tempo adicas á lectura?

- Non leo
- ½ hora
- 1 hora
- 2 horas
- Máis de dúas


A seguinte gráfica comparativa elaborámola tomando como referencia unha hora.

Se observades detidamente esta gráfica podedes notar o aumento nos primeiros cursos, debido a que en 1º curso aínda está evolucionando o nivel lector e, como son pequenos, non saben medir moi ben o tempo.

O nivel lector ascende dende 1º ata 3º, baixa en 4º, remonta en 5º e volve a descender en 6º, cremos que isto se debe ós exercicios de repaso e ás actividades extra escolares, que aumentan a medida que se sube de curso.


Sendo nós os que recollimos os datos, fainos pensar que unha gráfica pódese considerar un dato máis de coñecemento, pero nunca un dato definitivo.

Representación gráfica(1 hora)




6º Primaria.

A ra



A ra é un anfibio vive na auga e na terra a...
 a súa pel é lisa non ten nin escamas nin pelo,
 coa súa lingua atrapa os insectos porque a súa
 lingua ten unha sustancia pegaiñenta e se atrapa un
 insecto non aí forma de escapar, as ras madadoras
 comen cogollos ou peixes pequenos, as ras de maior
 tamaño poden comer animais do tamaño dos ratos.
 As ras imbernan no lodo e cando están durmindo
 respiran polo corpo.
 As ras axudan a home en distintas maneiras.
 1º comen os insectos dos xardíns, dos bosques.
 2º serven de alimento.
 3º serven para os laboratorios.
 As ras sofren dilerros cambios eno clamase
 Metamorfose.
 Raíl 2º A.
 Almudena } Deluscos
 Iago }
 Enrique }



"AS LEITUGAS"

Leituga, nome común das plantas dun xénero de herbáceas da familia das compostas. As leitugas son nativas das rexións tempradas de Eurasia e América do Norte.

A leituga que se cultiva dende a antigüedade grega é unha herbácea anual rústica ten follas grandes radicales, brandas trasovadas, enteiras ou serradas. Suas flores presentan fúculas amarillentas. O fruto é seco, gris, e contén unha única semente. As catro variedades hotícolas comúns son a leituga de cogollo, a de folla rizada, a romana, e a de talo. A de cogollo forma unha cabeza parecida á da col. A de folla rizada produce follas separadas, que non forma cogollo. A romana forma un cogollo largo e erguido. E a de talo ten un talo grosso comestible e follas de sabor desagradable.

A leituga cultívase en chás grumosos, ben drenados, ricos en fertilizante orgánicos. As hileras fórmanse a 30-40cm de distancia, arríncase cando alcanza certa altura. En medicina é apreciada polas súas propiedades anestésicas para certas neurálgias como a ciática, e como inductora do soño. Tamén utilízase en ocasións para o tratamento do reumatismo e enfermidades cutáneas crónicas. **ADIVINANZA:**
 Son unha loca amarrada que só vivo pra ensalada.

Texto por: [assinatura]

As Árbores

-Exposición-

A árbore é unha planta de tronco leñoso, que se ramifica a unha certa altura formando unha copa máis ou menos característica para cada especie.

Os beneficios que teñen as árbores para o medio ambiente é fabricar osíxeno e absorber o dióxido de carbono (que é prejudicial para nós). As árbores a demás diso, podemos sacar a proveito de eles por exemplo: O papel, o cartón, a madeira etc...

Antes en Galicia a terra era moito mellor, as árbores eran autóctomas, que quere dicir que eran propias de esta terra. Había moita máis vexetación, e non había eucaliptos, que é unha especie de árbore que aparte de non ser da nosa terra, son moi dañinos porque absorben toda a auga e a terra se seca; desta forma outras especies non poden vivir.

Para mellorar a situación das árbores, deberíamos colaborar todos, reciclando, non cortando as árbores, cuidando o medio no que viven e plantando árbores autóctomas.


FIN

Sara Alonso Fernández.
6ºA.

O lobo

O lobo é un animal, saléase emparentado cos cans. Viven en manadas e un macho é o líder.

Hai varios grupos en Galicia e temolos que coidar porque están en perigo de extinción.



O seu aullido oíse a kilómetros. Comenegua protos e o que atopo porque é carnívoro.

José Viqueiro Naveira 3ºA

ABRACADABRA



.....!
**Vouche contar un segredo:
 ¡...habelas... hainas!
 As bruxas e bruxos, claro.**



Os nenos/as de 1º nivel
 traballamos o tema das bruxas e
 bruxos. Lemos moitos contos sobre o tema.
 Coñecemos o nome de
 moitas bruxas. Divertímonos vestindo unha
 bruxiña coas cousas que tiñan na casa: teas,
 papeis, botóns, pegatinas, etc.
 Tódolos nenos/as do cole poden ver a nosa
 exposición no 1º andar xunto as nosas clases.
 Ata nos visitou un MAGO no cole,
 mostrándonos a súa excelente maxía.
 E para disfrutar da maxía das BRUXAS,
 disfrazámonos de bruxos/as, meigas, fadas,
 magos, etc. na Festa do Antroido.
 E puxemos na práctica as nosas
 palabras MÁXICAS:



**“Abracadabra
 pata de cabra.....!”**



Nenos e nenas de 1º A e 1º B

AULA INVERNA DO TIPO: TOMATES

Data: Vésperas 15 de maio do 2006 1ª OBSERVAÇÃO

1- Passaram 29 dias desde a última vez e se regaram todos os dias.

2- Mediam aproximadamente 50 cm.

3- De todos principal saíram outras talas que comunicaban coas follas.

4- As follas creciron moito desde a última vez. Eran denteladas e olham a tomate.

5- Todavía non tiñan flores e siguen no inverno maduros.

Elene e Ainoa 3ºc


Debuxo da planta e unha folla

Folla




planta

Debuxo do invernadero de vidro co troncal



VARIOS



VARIOS

Entrevista

Seguindo a nosa liña de investigación sobre a lectura, entrevistamos ás responsables das bibliotecas “ Xabier P. Docampo” e “Biblioteca Municipal Auxiliar de A Barcala” ás que agradecemos a súa colaboración.

1.Os usuarios da biblioteca preferentemente; que servicios veñen a buscar?

Xabier P. Docampo

Préstamo, información, Internet...

Auxiliar A Barcala

Préstamo, información, consulta e uso de equipos informáticos.

2. Que franxa de idade corresponde ó maior número dos usuarios?

Xabier P. Docampo

De 2 a 14 anos.

Auxiliar A Barcala

De 3 a 10 anos e adultos

3. Cre que aumentou o número de lectores nestes últimos 5 anos?

Xabier P. Docampo

Sí; aumentou.

Auxiliar A Barcala

Sí; aumentou.

4. Poderíanos aportar datos concretos?

Auxiliar A Barcala

Sí:	2.004	2.005
Nº de libros:	15.217	15.882
Nº de socios:	1.743	1.854
Nº de lectores:	11.322	13.111
Nº de préstamos:	10.253	9.446
Nº de libros utilizados na sala:	170.115	267.525

5. A que cre que se debe este incremento de lectores?

Xabier P. Docampo

Polas campañas de animación a lectura.

Auxiliar A Barcala

Porque hai máis fondos bibliográficos.

6. Que idioma é o preferido polos lectores?

Xabier P. Docampo

Galego e castelán.

Auxiliar A Barcala

Castelá, aínda que nótase o incremento de lectores

7. Que temática clixen?

Xabier P. Docampo

Misterio, aventuras e terror.

Auxiliar A Barcala

Novelas, aventuras e terror

8. Hai algún título o colección preferida polos lectores?

Xabier P. Docampo

Narnia e Harry Potter

Auxiliar A Barcala

Harry Potter e “ O Barco de Vapor”

9.Os nenos prefiren levar libros que sexan da súa idade ou de maiores?

Xabier P. Docampo

Da súa idade

Auxiliar A Barcala

A maioría, da súa idade.

10. Como se dirixen os usuarios a vostede?

Xabier P. Docampo

Tuteándome

Auxiliar A Barcala

Tuteándome

11. Veñen pedir libros para uso escolar ou para eles?

Xabier P. Docampo

Para as dúas

Auxiliar A Barcala

Para as dúas

12. Gustoulle esta entrevista?

Xabier P. Docampo

Si.


Auxiliar A Barcala

Si, pero as preguntas deberían ser concretas.


Xabier P. Docampo foi entrevistada por:Laura- Andrea- Noe- Samuel y Diego
Auxiliar A Barcala foi entrevistada por:Alberto-David-Jairo-Guille y Miriam

FACEMOS ANIMAIS COAS MANS

4 ANOSA




CARACOL



DAVID

PATO

ALBERTO




MOUCHO




DEBUXAMOS COAS MANS

(4 ANOS B)



ZAIRA

GATO



CLAUDIA

POMBA


MARIO



COELHO



DEBUXAMOS COAS MANS (4 ANOS C)




3 ANOS
Educação Infantil



PEINE




CAN



TARTARUGA

PORCO



ISRAEL

Nove anos na escola

Hola, chámome Laura, e son unha alumna de 6º B.

En xuño remata o curso e, se teño sorte, marcharei ó instituto e abandonarei a escola onde aprendín case todo o que sei e onde, durante moito tempo, foi como a miña segunda casa.

Aprendín tanto, fixen tantos amigos e descubrín tantas cousas, que collínlle un montón de cariño á escola e, por iso, nunca poderei olvidala, como tampouco ós meus amigos que marcharán a outro instituto e os que xa marcharon, e como non, as profesoras que foron as que me ensinaron. Non me gusta nada a idea de marchar a outra escola e mezclarme con outros nenos moito maiores ca min. Pero non vamos fixarnos só no lado negativo se non tamén no positivo. Faremos máis amigos, coñeceremos máis persoas, aprenderemos máis cousas e polo menos eu terei a escola máis preto da casa.

Para finalizar esta redacción gustaríame agradecer os meus amigos todo o seu cariño e amizade que compartiron connigo e agradecerlle de todo corazón ás profesoras todo o seu apoio, o cariño e a axuda que me deron.

FIN

Laura M. Nº7 6º B



É a hora da despedida

É a hora da despedida. Dentro de pouco, todos (iso espero) os alumnos de 6º pasaremos do colexio ó instituto despois de tantos anos de estar aquí.

Para preparar a nosa partida, tivemos varias sesións do Programa de Transición, onde Rafa (o orientador do instituto) e Fina (a orientadora de aquí) explicáronnos cousas sobre o funcionamento daquel centro.

A min, o instituto non me inquieta moito excepto polo nivel de estudos, que é maior; teremos máis asignaturas, as leccións dos libros van ter máis contenido e nun exame pódennos poñer tres ou catro leccións. Inquiétame tamén un pouco que nós, cando entremos no instituto, seremos os pequenos, e teremos que convivir con persoas maiores. Pero... ¡un novo aprendizaxe! ¡Espero que todo nos salga ben!

FIN

Diego Pazos Castro 6B